



ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE VILANOVA DE AROUSA CELEBRADA O DÍA 11 DE XUÑO DE 2011.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as 11,00 horas do día 11 de xuño de 2011, reúnen-se, previa convocatoria efectuada, os señores/as que de seguido se relacionan, que presentaron ante a Secretaría Xeral do concello a súa credencial de concelleiro electo expedida pola Xunta Electoral de Zona, ao obxecto de celebrar a Sesión Constitutiva da nova Corporación Municipal tralas eleccións locais celebradas o día 22 de maio de 2011.

PARTIDO POPULAR (P.P)

- 1.- GONZALO DURÁN HERMIDA
- 2.- JULIO VARELA NUÑEZ
- 3.- ÁUREA BERMUDEZ OUBIÑA
- 4.- JOSÉ PORTAS NUÑEZ
- 5.- ANA MARIA CARBALLA MAGARIÑOS
- 6.- MARÍA ROSA RODRÍGUEZ LAGO
- 7.- MANUEL SINEIRO CORES
- 8.- JOSÉ LUIS NOVO GALBÁN
- 9.- JOSÉ JUAN DURÁN HERMIDA
- 10.- NURIA MORGADE POUÇO
- 11.- ALEJANDRO COSTA PIÑEIRO
- 12.- BENITO PORTAS BLANCO

PSdeG-PSOE

- 1.- MARÍA JOSÉ VALES MARTÍNEZ
- 2.- MARÍA ANGELES PÉREZ PIÑEIRO
- 3.- VALENTÍN CAAMAÑO PAZ

BNG

- 1.- MARÍA DEL CARMEN ALFONSO LEIRO
- 2.- JUAN LUIS NOGUEIRA MOURE

PRIMEIRO.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE.- En cumprimento do disposto nos artigos 195.2 da Lei Orgánica 5/1995, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral -LOREG- e 37.2 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, o Secretario Xeral solicita ao concelleiro electo de maior idade, Don Julio Varela Núñez, que pase a presidir a Mesa de Idade acompañado como vocal do de menor idade **Don** Valentín Caamaño Paz, ao fin de iniciar o acto de constitución da Corporación.

Constituída a Mesa de Idade na forma descrita, o Presidente da mesma declara aberta a sesión, concedendo a palabra ao Secretario Xeral.



SEGUNDO.- COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS E PERSONALIDADE DOS ELECTOS.- O Secretario Xeral manifesta que a Xunta Electoral de Zona de Cambados lle remitiu o acta de proclamación do resultado das eleccións locais celebradas o pasado 22 de maio de 2011, certificando o número de electores, de votantes, de votos a candidaturas, de votos en branco, de votos nulos, o número de votos e escaños obtenido por cada candidatura, así como a relación nominal de concelleiros electos, segundo o seguinte resume:

Número de electores censados:	8.731.-
Número de certificacións censais de alta presentadas:	8.-
Total de electores;	8.739.-
Número de votantes:	6.418.-
Número de votos nulos	132.-
Número de votos en branco:	116.-
Votos obtenidos polas candidaturas;	
Partido Popular (PP):	4.261.-
PSdeG-PSOE	1.214.-
BNG	695.-
Concelleiros electos:	
Partido Popular (PP):	12.-
PSdeG-PSOE	3.-
BNG	2.-

O Secretario Xeral informa que están no seu poder as credenciais de todos os concelleiros electos que se atopasn presentes nesta sesión.

TERCEIRO.- XURAMENTO OU PROMESA DOS CONCELLEIROS.- O Sr. Presidente anuncia que, acto seguido, os concelleiros electos deben de prestar xuramento ou promesa de conformidade co disposto no artigo 108 da LOREG en relación co disposto no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril.

O texto da fórmula de xuramento estaba escrito nun atril, xunto cun exemplar da Constitución Española e unha Biblia que o Alcalde en funcións decidiu que se colocase no mesmo, advirtindo o Secretario Xeral que non era necesario que os concelleiros colocasen



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tlfnos. 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax. 986 554 069

a súa man sobre ela e sí en cambio sobre o exemplar da Constitución.
O dito texto era o seguinte:

"XURO OU PROMETO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA
CUMPLIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRO DO
CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA, CON LEALDADE AO REI E
GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA
FUNDAMENTAL DO ESTADO."

O Secretario Xeral foi chamando aos concelleiros polo seguinte
orde alfabético:

- 1.- MARÍA DO CARME ALFONSO LEIRO
- 2.- ÁUREA BERMÚDEZ OUBIÑA
- 3.- VALENTÍN CAAMAÑO PAZ
- 4.- ANA MARÍA CARBALLA MAGARIÑOS
- 5.- ALEJANDRO COSTA PIÑEIRO
- 6.- GONZALO DURÁN HERMIDA
- 7.- JOSÉ JUAN DURÁN HERMIDA
- 8.- NURIA MORGADE POUSO
- 9.- JUAN LUIS NOGUEIRA MOURE
- 10.- JOSÉ LUIS NOVO GALBÁN
- 11.- MARÍA ÁNGELES PÉREZ PIÑEIRO
- 12.- BENITO PORTAS BLANCO
- 13.- JOSÉ PORTAS NÚÑEZ
- 14.- MARÍA ROSA RODRÍGUEZ LAGO
- 15.- MANUEL SINEIRO CORES
- 16.- MARÍA JOSÉ VALES MARTÍNEZ
- 17.- JULIO VARELA NÚÑEZ

Todos eles foron xurando ou prometendo, segundo os casos,
adquirindo en consecuencia a condición de concelleiro do Concello de
Vilanova de Arousa.



CUARTO.- DECLARACIÓN DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.- Unha vez cumpridos os trámites preceptivos o Secretario da Mesa de Idade, no exercicio das facultades que lle outorga a lexislación vixente, proclama formalmente constituída a Corporación municipal de Vilanova de Arousa.

QUINTO.- ELECCIÓN DE ALCALDE.- O Sr. Secretario anuncia que seguidamente, se procederá á elección de Alcalde recordando que de conformidade co disposto no artigo 196 da LOREG poden ser candidatos os cabezas de lista de cada candidatura, non manifestando ningún expresamente a súa renuncia, polo que a Mesa de Idade proclama candidatos para a elección de alcalde aos seguintes concelleiros electos:

D. GONZALO DURÁN HERMIDA
D^a MARÍA JOSÉ VALES MARTINEZ
D^a MARIA DO CARME ALFONSO LEIRO

Aceptase o sistema de votación proposta pola Mesa de depositar unha papeleta ante a Mesa de Idade co nome do candidato.

Polo Sr. Secretario foise chamando por orde alfabético aos concelleiros para que depositaran o seu voto. O resultado da votación foi o seguinte:

D. GONZALO DURÁN HERMIDA	12 votos
D ^a MARÍA JOSÉ VALES MARTINEZ	3 votos
D ^a MARIA DO CARME ALFONSO LEIRO	2 votos

Ao obter a maioría absoluta establecida no artigo 196. B) da LOREG, polo Secretario Xeral se proclama Alcalde electo a D. GONZALO DURÁN HERMIDA.

SEXTO.- PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE.- Acto seguido o Sr. Alcalde dirixíuse ao atril para pronunciar a fórmula de promesa do seu cargo pronuciando a seguinte fórmula: "PROMETO POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA CUMPLIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE ALCALDE DO CONCELLO DE VILANOVA, DE AROUSA CON LEALDADE AO REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO."

De seguido, entre os aplausos dos presentes, o Alcalde recibiu do Presidente da Mesa de Idade o bastón de mando e pasou a ocupar xunto co Secretario Xeral a presidencia da sesión que foi abandonada polos componentes da Mesa de Idade e pronunciou unhas verbas de agradecemento.

SEPTIMO.- ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN AOS CONCELEIROS ELECTOS E PRAZO PARA ENTREGA DAS DECLARACIÓNS DO REXISTRO DE INTERESES. ACTA DE ARQUEO E INVENTARIO DE BENS.- A continuación O Alcalde concedeu a palabra ao Secretario Xeral quen procedeu a entregar ao propio Alcalde e a todos os concelleiros electos unha carpeta coa seguinte documentación:



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tlfnos. 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax. 986 554 069

1.- Copia da credencial de concelleiro coa dilixencia de toma de posesión do cargo.

2.- Ficha cos datos pessoais a cumprimentar para entregar personalmente por cada concelleiro a Secretaría Xeral, aos efectos de citacións, estatísticos, económicos e outros.

3.- Solicitud de autorización de apertura de conta de correo electrónico oficial a cargo do concello para entregar personalmente á Secretaría Xeral.

4.- Modelos das dúas declaracións que conforman o rexistro de intereses que o alcalde e todos os concelleiros deberán cumprimentar e entregar persoalmente en Secretaría Xeral, sen pasar polo rexistro xeral, no prazo dun mes desde hoxe, é dicir, antes do luns día 11 de xullo de 2011, recordándose expresamente polo mesmo que se trata dunha obriga legal e non dunha mera opción persoal.

De seguido o Secretario Xeral manifestou que de conformidade con disposto no artigo 36.2 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, atópase sobre a Mesa Presidencial a seguinte documentación:

- a) Certificado expedido polo Secretario Xeral co último Inventario de Bens da Corporación aprobado polo Pleno o día 28 de marzo de 2011 con referencia o 31 de decemebro de 2010, sen recoller as variacións desde a dita data. O importe ascende a contía de 27.830.735,05 euros.
- b) Acta de arqueo de data 10 de xuño de 2011, asinada polo Alcalde en funcións, pola Interventora accidental e pola Tesoureira co seguinte contido e cos xustificantas das contas corrientes expedidos polas entidades de crédito:

“En Vilanova de Arousa, a dez de xuño de 2011, constituídos na Tesourería desta Corporación os claveiros que asinan D. GONZALO DURAN HERMIDA, Presidente ordenador de pagos; D^a. SUSANA SERANTES ALVAREZ, Interventora Accidental de Fondos e D^a. M^a ROSA LEIRO CONDE, Tesoureira, procedeuse a efectua-lo arqueo de fondos existentes en entidades bancarias e a caixa fixa da corporación, nesta data, aparecendo conformes, dando o seguinte resultado:



SITUACIÓN DAS EXISTENCIAS:

Denominación da Conta.	Saldo en €.
BANESTO CTA: 0870000271	54.727,38
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA CTA: 0000051	4.138,47
BBVA –Instituciones. CTA: 360764	230.354,27
NOVA CAIXA GALICIA CTA. 0040005307	28.791,23
NOVA CAIXA GALICIA (F.E.E.S.L.): CTA: 0040014278	534,86
NOVA CAIXA GALICIA 0010033922	0,00
NOVA CAIXA GALICIA 0010035782	0,00
NOVA CAIXA GALICIA 0080003664	1.969,44
NOVA CAIXA GALICIA 0040100029	0,13
NOVA CAIXA GALICIA 0550140392	-1.085.000,00
BANCO PASTOR CTA: 100038	1.111,57
CAIXA DE PAGOS A XUSTIFICAR:	1.868,64
CAIXA FIXA:	1.400,00
CAIXA :	253,65

E para que conste, exténdese a presente ACTA que asinan os expresados señores na data indicada. O PRESIDENTE. A INTERVENTORA ACC., A TESOUREIRA.”

E non habendo máis asuntos de que tratar se levanta a sesión sendo as 11,25 horas do que se estende o presente acta da que como Secretario Xeral certifico e dou fe.